





RÍO ARENTEIRO NO CARBALLIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta

marzo 2017



Distancia: 10 km
Dificultade: baixa
Duración: 4 horas



Da Ponte da Veiga á Ponterriza

Ten o Carballiño atractivos abondo para facerlle unha visita: as súas augas medicinais, a Veracruz, o seu sonado polbo... ás que ademais podemos engadir o paseo do Arenteiro ou, ampliando un pouco, o roteiro entre as pontes medievais da Veiga e a Ponterriza, no que ademais de gozar do placer da camiñada podemos ver numerosos elementos naturais e constructivos que a fan máis diversa e entretida mentras acompañamos ao Arenteiro que, retido, calmo e silencioso, espella todo o que o rodea, e só ten voz cando se descolga nos varios atrancos que, noutros tempos, almacenaban e conducían a enerxía da auga para facer traballar diferentes inxenios; e na zona dos muíños na que forma varios rápidos.

O camiño case todo acondicionado e ben sinalizado, sen dificultade a non ser no tramo entre o parque etnográfico e a ponte de Godás do Río que ten unha parte con pasarelas e escaleiras, pero de certa dificultade, para continuar logo, como carreiro, por terreo chan ata a pontella do camiño polo que se cruza o rego das Pedriñas.

O traxecto, que ten unha parte central circular e dúas prolongacións, nunha e noutra punta para achegarse á ponte da Veiga e á Ponterriza, pódese facer dunha soa vez ou por partes, porque ao longo do percorrido atoparemos varias pontes, de estrada ou peonís, que permiten pasar dunha beira á outra e recortar ou combinar a camiñada, ou o paseo, como mellor nos conveña.

Ao longo do percorrido podemos ver unha fábrica de papel, varios muíños, unha piscifactoría, varias pontes, e as especies animais e vexetais propias dos ríos e das súas ribeiras: amieiras (case todas atacadas polo mal que as destrúe), salgueiros, abeleiras, freixos e carballos, outras plantas menores dos sitios sombrizos e húmidos (narcisos, cáncaros, violetas, herbas das almorranas, margaridas,...) paxaros do bosque (ferreiriños, carrizos,...), lavancos, algún corvo mariño, lavandeiras,...



PERCORRIDO

Comezamos no aparcamento do Parque, e desde alí, remontando o río, pasaremos ao pé do balneario, por debaixo das pontes da estrada e o ferrocarril ata chegar á Ponte da Veiga. Diante da ponte da Veiga hai outra ponte desde a que podemos ver, augas arriba, un atranco que desviaba a auga a un enxeño hidráulico impulsado por unha grande roda vertical que xa se ve moi estragada (podemos velos máis de preto se cruzamos a ponte e baixamos pola escaleira que se atopa xusto en fronte deles da outra beira do río). Neste punto damos a volta. Facémolo polo camiño da ida ata que cheguemos á ponte peonil para continuar a camiñada pola outra beira. Cando chegamos enfronte do punto de inicio levamos percorridos 4 km. Continuando a andaina chegaremos ao atranco da piscifactoría onde o camiño se aparta para pasar ao pé da fábrica de papel e cruzar o río. Atopámonos ao pé da Pena dos Namorados, o parque etnográfico e os muíños. Ao pé do primeiro muíño temos unha ponte de madeira pola que se cruza o río de novo e por un trazado acondicionado con pasarelas e escaleiras, pero de certa dificultade, superamos esta zona onde o río corre encaixado, para continuar logo por terreo chan ata chegar á ponte de Godás do Río aquí, seguindo o carreiro dos pescadores, pasamos por debaixo da ponte e continuamos pola beira da auga ata onde se xunta o rego das Pedriñas que cruzamos pola pontella do camiño que seguiremos xa ata a Ponterriza. Vista a ponte e o cruceiro do lugar volvemos polo mesmo camiño da ida.



Ponte da Veiga



Enxeño hidráulico ao pé da Ponte da Veiga



Balneario



Fábrica de papel



Área etnográfica (muíños)





Muíños



A Ponterriza



Narcisos

Pena dos namorados



Lavandeira real



Pereiras bravas